



XUIZ UNICO FEGAN

ACTA N° 24 TEMP 22-23.

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.-O dia 22 de febreiro foi remitido pola Secretaria da FEGAN ao Xuíz Unico acta e anexo adxunto asinado polos árbitros do encontro disputado o 18 de febreiro de 2023 entre o C.W. Santiago- R.C.N Vigo da Liga Galega Waterpolo Division Honra Masculina no que se recolle:

- *No minuto 04:13 do 4º período expúlsase da grada a J. Puga González, membro da FEGAN, por:*

Protestar ao longo de todo o partido as decisións arbitrais, asubiando, levantando as mans coma se as tivese atadas e aplaudindo cara eles e por dirixirse aos mesmos da seguinte maneira:

"Pírate ya"

"Nicolás, lárgate ya, hostia, que eres el protagonista de este partido".

Acabado o encontro e pasadas un par de horas descúlpase cos colexiados mediante un mensaxe de audio de whatsapp."

SEGUNDO.- Con carácter previo a apertura de expediente, por diliencia de data 22 de febreiro requiriuse a Secretaria da FEGAN para que indicase se a persoa identificada polo árbitro pertence a esta Federación e de ser así o seu numero de licenza e o club de pertenza.

O mesmo día 22 por parte da Secretaria da Fegan dando cumprimento ao requerido, informou do seguinte:

"Hay dos J. Puga González: Uno es Javier que tiene tramitada esta temporada licencia de árbitro de waterpolo. La otra es Jenifer que este año no tiene licencia tramitada y en las anteriores era jugadora del RCN Vigo y también árbitro de waterpolo".

Toda vez que da lectura do anexo non se pode saber con seguridade quen das duas persoas é o dia 23 requiriuse aos árbitros do encontro aos efectos de que informen cal dos dous J.

Puga González (Javier ou Jenifer) e a persoa identificada polos feitos recollidos no anexo.

Por parte dos árbitros o mesmo día informouse que a persoa identificada é **D. Javier Puga Gonzalez**.

O dia 23 requiriuse novamente a Secretaria para que facilitase o numero de licenza realizando o tramite solicitado no mesmo dia e facilitando o seguinte numero: **1012903..**

TERCEIRO Con data 27 de febreiro ditouse Providencia pola que se aperturou expediente declarando a competencia para coñecer dos feitos denunciados, e iniciar procedemento sancionador contra contra D. Javier Puga González, árbitro con nº de licenza 1012903, por posible comision de infracción recollida do Libro III Réxime Disciplinario da Fegan e concedeuse un prazo de dez días para contestar aos feitos e propoñer a práctica das probas que conviñese á defensa dos seus dereitos e intereses, todo elo sen adoptar medidas provisionais. A providencia adquiriu firmeza ao non ser recorrida.

CUARTO.- Dentro do prazo conferido se formularon alegacións nin se solicitou nin aportou proba algunha polo que a acta do encontro considerase proba suficiente sen que sexa necesaria a práctica de mais probas.

QUINTO.- Con data 16 de marzo se formulou prego de cargos e proposta de resolución, propoñendo sancionar ao denunciado D. Javier Puga Gonzalez nº licenza 1012903 cun mes de suspensión da licencia federativa (art. 9.II letra a) do Libro III Réxime Disciplinario da FEGAN en relación co artigo 6 I 1 letra a) do Libro III Réxime Disciplinario da FEGAN. A citada proposta foi notificada aos interesados e coa mesma deuse prazo para realizar alegacións sen que ningunha fose realizada. Finalizado o prazo foi elevado o expediente polo instrutor.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- A vista da proba obrante no procedemento concretamente o anexo a acta, enténdese que a conduta de D. Javier Puga Gonzalez, arbitro de waterpolo con licenza número 1012903 é susceptible de ser incardinada na tipificada como **INFRACCIÓN GRAVE no artigo 6 III letra a) do Libro III Réxime Disciplinario da FEGAN, III. APPLICABLES ESPECIFICAMENTE A XUÍCES E ÁRBITROS** "a) As faltas de respecto e consideración co resto de xuíces e árbitros nas que non concurran os requisitos para ser consideradas mui graves".

O art. 9.II letra a) do **Libro III Réxime Disciplinario da FEGAN** establece: "Sancións por infraccións graves. "Suspensión ou inhabilitación, ou privación da licenza federativa, dun mes a dous anos, ou de catro ou máis encontros en unha mesma tempada".

Debe aplicarse ao expedientado a circunstancia atenuante de non ser sancionado con anterioridade no transcurso da vida deportiva (art. 11 c).

Non se pode entender como de aplicación a atenuante de arrepentimento espontáneo do art 11 a) toda vez que se ben se pediron desculpas, o cal e louvable, as mesmas non poden considerarse espontáneas ao transcorrrr duas horas dende a comisión dos feitos, sendo consideradas como espontáneas aquelas desculpas pedidas ben no momento inmediatamente posterior a comisión dos feitos ou a mais tardar ao finalizar o encontro se ben teñen que ser tidas en conta de cara a graduación da sanción.

Por todo elo, de acordo con todo o anterior, e considerando a proposta de resolución este Xuíz Unico acorda ditar a seguinte **RESOLUCIÓN**:

SANCIONAR a D. Javier Puga González, árbitro de waterpolo, con licencia número 1012903 **CUN MES DE SUSPENSIÓN DA LICENCIA FEDERATIVA**(art. 9.II letra a) do Libro III Reximen Disciplinario da FEGAN en relación co artigo 6 I 1 letra a) do Libro III Reximen Disciplinario da FEGAN.

Esta resolución do órgano competente pon fin ao expediente disciplinario deportivo e poderá ser recorrida no prazo de dez días hábiles ante o Comité de Apelación.

A Coruña, a 13 de abril de 2.023.

Miguel Dios Blanco
Xuíz Unico da FEGAN